



MUNDO CLÁSICO I: GRECIA




"Atenea pensativa" (Niko Kitsakis, CC BY 4.0)



ÍNDICE

MUNDO CLÁSICO I: GRECIA

1. GRECIA.....	1
1.1 A Hélade, marco xeográfico.....	1
1.2 Etapas históricas da Grecia Antiga.....	2
1.2.1 Período prehelénico (2.000-1.450 a. C.).....	2
1.2.2 Período micénico (1.600-1.100 a. C.).....	2
1.2.3 Período arcaico (s. VIII-V a. C.).....	2
1.2.4 Período clásico (s. V-IV a. C.).....	3
1.2.5 Período helenístico (s. IV-I a. C.).....	3
1.3 Organización política, sociedade e economía.....	4
<i>Exercicios</i>	5
1.4 O legado cultural grego.....	7
1.4.1 Arte.....	7
1.4.2 Relixión.....	8
1.4.3 Outras achegas culturais.....	8
<i>Exercicios</i>	9
SOLUCIÓN.....	11



1. GRECIA

1.1 A Hélade, marco xeográfico

Na Antigüidade, os gregos chamaron **Hélade** ao conxunto de territorios habitados por pobos de lingua, relixión e cultura grega. A Hélade estaba formada por:

- Unha **zona central**: a **Grecia continental**, ao sur da península balcánica, máis a **Grecia insular**, formada polas illas dos mares Exeo e Xónico. Un territorio montañoso que fixo que a poboación se concentrase nos vales e no litoral, favorecendo a creación de **cidades-Estado ou polis**.
- Unha **zona periférica**: formada por polis, chamadas **colonias**, fundadas por gregos emigrados da zona central. Aquí atopamos as rexións da **Magna Grecia** (sur da península itálica e boa parte de Sicilia) e **Xonia** (área de antigas colonias na costa occidental de Asia Menor), e numerosas colonias diseminadas desde o Mar Negro ata a península ibérica.



"Rexións e cidades da Grecia Antiga" (Fut. Perf., CC BY-SA-4.0)



1.2 Etapas históricas da Grecia Antiga

Podemos organizar o estudo da Grecia Antiga nas seguintes etapas:

1.2.1 Período prehelénico (2.000-1.450 a. C.)

É a etapa previa á chegada dos poboadores de fala grega. Destaca:

- A **civilización minoica** (2.000-1.450 a. C), desenvolvida na illa de Creta, con grandes palacios como o de **Cnosos**, escritura -non descifrada-, pintura e cerámica de gran calidade e crenzas relixiosas que continuarán entre os gregos.

1.2.2 Período micénico (1.600-1.100 a. C.)

- Chegan os gregos á Grecia continental, aséntanse, en especial, na península do Peloponeso.
- Fundan cidades amuralladas (como **Micenas**, que deu nome a esta civilización), gobernadas por reis; usan unha escritura baseada na minoica e comercian por vía marítima con outras áreas do Mediterráneo.

1.2.3 Período arcaico (s. VIII-V a. C.)


- Iníciase despois dun período de crise (a Idade Escura) en que colapsou a civilización micénica, se perdeu a escritura, se despoboaron as cidades...
- Neste período confórmanse as características propias da cultura grega.
- Aparece a **polis** ou cidade-Estado, como modelo de organización política: son Estados independentes, en miniatura, para os nosos ollos modernos: en toda a Hélade eran máis dun milleiro. A polis estaba composta por:
 - **Centro urbano**, onde atopamos a **ágora** ou praza pública (mercado, lugar de intercambio de mercadorías, pero tamén de ideas, pois nela atópanse as sedes da actividade política. A **acrópole**, un lugar fortificado elevado que dominaba a cidade, era a sede dos principais templos e símbolo relixioso da cidade.
 - **O territorio circundante**, xeralmente de pequena extensión, que incluía áreas rurais, pequenas aldeas, etc.
- Nesta etapa, o crecemento da poboación e a falta de terras impulsou a fundación de **colonias** no Mediterráneo e no Mar Negro. Deste xeito, aumentou o comercio e o contacto con outras culturas. Como consecuencia, os gregos desenvolven o **alfabeto** (*que chegará a nós con modificacións romanas*), estenden o uso da moeda ou comezan a interpretar racionalmente o mundo - afastándose da relixión, da maxia e dos mitos-, por medio de novos procedementos: a ciencia, a medicina, a filosofía ou a historia.

1.2.4 Período clásico (s. V-IV a. C.)

- Fase de **maduración dos cambios iniciados no período arcaico**, que desembocan en creacións coma o **teatro**, a **democracia** ou o esplendor da **filosofía**, logros que converten **Atenas** no centro cultural de Grecia.
- Dous enfrontamentos bélicos marcan esta época:
 - a) O primeiro contra un inimigo estranxeiro, as **Tres Guerras Médicas** contra o poderoso Imperio Persa, que remataron coa inesperada vitoria grega.
 - b) O segundo enfrontamento, a **Guerra do Peloponeso**, librouse entre dúas alianzas de polis gregas lideradas cada unha por Esparta e Atenas. Suporá a derrota ateniense e o seu declive cultural e político.
- A fin definitiva deste período virá da man de **Filipo II de Macedonia** -un reino do norte de Grecia- e do seu fillo **Alexandre Magno**, que conquistará un enorme territorio desde Grecia ata a as fronteiras da India, incorporando ao seu imperio Exipto, Palestina, Siria, Anatolia, Irán ou Mesopotamia. Era o final da época das polis e o xurdimento dun mundo máis vasto: os imperios.

1.2.5 Período helenístico (s. IV-I a. C.)

- Coa morte temperá de Alexandre Magno, os seus xenerais repartíronse o imperio e converténdose en monarcas dos chamados **reinos helenísticos**.
- Nos reinos helenísticos mesturouse a cultura grega coas culturas locais deses territorios de Oriente. Xorden novos centros culturais como **Pérgamo** e **Alexandría** -onde se funda a famosa Biblioteca-. Nesta época producíranse importantes avances na astronomía, na xeografía, as matemáticas ou a filoloxía.
- Coa conquista romana no s. I a. C. remata este período e abrírase un novo capítulo na historia.






Mapa colonización grega (amarelo), etrusca e fenicia" (Nicolas Eynaud, CC BY-SA-3.0)




"Polis e rexións da Antiga Grecia" (Chewie, CC BY-SA-3.0)

1.3 Organización política, sociedade e economía

- **Organización política:** as épocas arcaica e clásica presentan maior variabilidade política, xa que é cando as **monarquías** deron paso a outras formas de goberno como a **oligarquía** (goberno exercido por unha aristocracia minoritaria), a **tiranía** (goberno exercido por un tirano apoiado polas clases baixas e medias) ou a **democracia ateniense** (sistema de goberno en que os cidadáns varóns exercían o poder político ao través dunha asemblea). Neste contexto, no cal moitas polis eran gobernadas por oligarquías (e en certos intres, por tiranías), o sistema político das polis máis sobranceiras, Esparta e Atenas, representaba modelos de goberno excepcionais e influentes.

 ESPARTA	ATENAS	
•Era gobernada por dous reis ao tempo (diarquía) pertencentes a sendas dinastías hereditarias. •Os reis gobernaban xunto con un Consello de anciáns (xerusía) e as súas leis eran aprobadas ou rexeitadas por unha asamblea (apélle) formada polos cidadáns varóns maiores de 30 anos. •Tanto o rei coma a Xerusía eran supervisados por cinco maxistrados (éforos). •O cidadán espartano recibía unha estrita educación (agogé) centrada na instrución militar e os valores morales guerreiros, de xeito que o interese colectivo da polis primaba sobre o individual. Así Esparta convertiuse nunha temida potencia militar.  "Espartano" (Caeciliusinhort, CC BY-SA-4.0)	•Inicialmente estaba gobernada por unha oligarquía, pero despois dunha serie de conflitos sociais desenvolveu a democracia, un sistema de goberno baseado no poder compartido de todos os cidadáns. •Solón, Clístenes e finalmente Pericles foron os artífices da súa creación. • O sistema consistía en que as principais decisións políticas baseábanse na aprobación da asamblea ou ekklesia: a votación de todos os cidadáns atenienses varóns maiores de 18 anos. •Os cargos necesarios para a organización política e xudicial determinábanse por sorteo, agás os xefes militares (estrategos) que eran elixidos por votación, dada a responsabilidade do seu cargo que non o facía apto para calquer cidadán por medio dun sorteo. •A democracia ateniense foi unha revolución política que tivo curta vida - non chegou aos dous siglos-, pero serviu de modelo teórico para a creación das democracias modernas. Con todo, estaba lonxe do que hoxe entendemos como democracia pois, por exemplo, as mulleres non tiñan dereito á participación política e era unha sociedade escravista.  "Busto idealizado de Pericles" (Marie-Lan Nguyen, CC BY-SA-2.5)	

- **Sociedade:** a división social grega, como na maioría dos pobos da antigüidade, delimita con crueza dúas clases de homes e mulleres: **libres** e **escravos**. Os **escravos** son tratados como obxectos (poden comprarse, venderse ou herdarse, ou son propiedade da polis e non teñen dereitos políticos nin civís). Entre a poboación libre, os **estranxeiros** (metecos) teñen limitados os seus dereitos e, por suposto, non participan nas institucións políticas. As **mulleres** tampouco teñen dereitos políticos; unicamente **os varóns libres** da polis gozaban dos dereitos do cidadán participando na política.
- **Economía:** a base da economía era o sector agrario. Os gregos cultivaban, dada a natureza do solo, seco e montañoso, a **cebada, a oliveira e a vide**. A maior parte do trigo debía ser importado, polo que era caro. Un activo **sector artesanal** (cerámica asociada aos perfumes, vidro...) e **comercial**, xunto coa fundación de colonias, estimulou o tráfico marítimo con outros puntos do Mediterráneo a onde exportaban produtos de luxo como a cerámica asociada aos perfumes, aceite e viño.



"Hoplitas (guerreiros de infantaría pesada gregos), Vaso Chigi" (Aishaabdel, CC0 1.0)


EXERCICIOS

Exercicio 1

Traballa con este fragmento de texto dun discurso de Pericles:

«Temos un réxime político que non emula leis doutros pobos, e máis que imitadores dos demais, somos un modelo para seguir. O seu nome, debido a que o goberno non depende duns poucos senón da maioría, é democracia».

Fonte: Tucídides, *Historia da Guerra do Peloponeso*, editorial Gredos.



"O Pnyx, o outeiro onde se reunía a Ekklesia en Atenas" (Bahnfrend, CC BY-SA-4.0)

- a) Quen era Pericles?
- b) Como define Pericles a democracia?
- c) A democracia que menciona Pericles era equiparable á democracia actual? Por que?
- d) O título da obra en que está este texto é *Historia da Guerra do Peloponeso*, que foi a Guerra do Peloponeso?


Exercicio 2

Observa este mapa do Imperio de Alexandre Magno e responde:

- Quen foi Alexandre Magno? A que etapa da historia da Antiga Grecia corresponde?
- Cales foron os territorios que abranguía o seu imperio?



"Alexandre Magno, mosaico romano."
(Berthold Werner, CC BY-SA-3.0)




"Imperio de Alexandre Magno" (Patrick Gray, CC BY-NC-2.0)

1.4 O legado cultural grego

1.4.1 Arte

- **Arquitectura:** os **templos** son a obra mestra da arquitectura grega. Caracterízanse polo uso de tres tipos estandarizados de construción e decoración, denominados **ordes** (*dórica, xónica e corintia*, de menor a maior grao de complexidade), polos materiais utilizados (predomina a mármore), polo cálculo matemático das súas proporcións na busca dunha harmonía ideal, e pola presenza de rica decoración escultórica con protagonismo da figura humana. A súa función non era a celebración no seu interior de actos relixiosos, pois os rituais e o altar atopábanse no exterior. Os templos eran a casa do deus, e nel albégase a súa estatua e as ofrendas a el destinadas, custodiadas no denominado tesouro.

ARCHITECTURE ORDERS:




"As tres ordes arquitectónicas gregas" (Paolo Villa, CC BY-SA-4.0)




"O Partenón de Atenas" (Steve Swayne, CC BY-SA-2.0)

- **Escultura:** polo xeral, as esculturas (de vulto para velas desde todos os ángulos ou en relevo) decoraban os edificios; podían realizarse en diferentes materiais (mármore, bronce...) e pintalas con cores vivas. Representaban seres mitolóxicos, deuses, heroes, deportistas... tanto individualmente como en escenas colectivas. A escultura grega evolucionou, distinguíanse tres grandes etapas:
 - **Arcaica:** esculturas ríxidas e con pouca expresión (amosan un sorriso), como a figura dunha moza (*kore*) ou dun mozo (*kuros*).



"Kore do peplo"
(Marsyas, C
CBY-
SA-2.5)

- **Clásica:** desta etapa son a maior parte das obras máis coñecidas (a Afrodita de Cnido, Discóbolo, Dorífero...). Caracterizada pola harmonía das proporcións, a busca do ideal físico de beleza da época, o movemento e o xogo das dobras das túnicas e as transparencias no corpo feminino (técnica dos panos mollados).
- **Helenística:** figuras con moita expresividade e, nalgúns casos, gran movemento.



"O Discóbolo
de Mirón,
copia romana"
(Dorieo, CC
BY-SA-4.0)

1.4.2 Relixión

Os gregos eran **politeístas** polo que interpretaban o mundo a partir de deuses con diversas personalidades. Crearon unha rica mitoloxía para darlles vida e sentido ás súas accións, o que inspirou a maior parte da súa literatura e arte. Así, consideraban que vivían no monte Olimpo, por iso se chamaban **deuses olímpicos**, e que o seu comportamento non era exemplar: sufrían de celos, ira, enganaban... O deus máis poderoso era **Zeus**; **Atenea**, a súa filla, era a deusa da guerra estratéxica e da intelixencia, a patroa de Atenas; **Poseidón**, irmán de Zeus, era o deus do mar, tan importante para os gregos; **Hades**, o deus dos mortos... Os gregos tiñan **oráculos**, santuarios onde acudían a realizar consultas sobre o futuro, como o do deus Apolo, en Delfos, ou o de Zeus, en Dodona.



"Fragmento dun relevo helenístico que representa os doce deuses olímpicos portando os seus atributos en procesión; de esquerda a dereita, Hestia (maza), Hermes (gorro alado e bastón), Afrodita (cun veo), Ares (casco e lanza), Deméter (cetrio e presa de trigo), Hefesto (bastón), Hera (maza), Poseidón (tridente), Atenea (bufo e casco), Zeus (raio e bastón), Ártemis (arco) e Apolo (lira)" (Walters Art Museum, CC BY-SA-3.0)

1.4.3 Outras achegas culturais

- **Literatura:** destaca Homero, con dous poemas épicos - *A Ilíada* e *A Odisea* - que constitúen obras capitais da literatura universal. No teatro destacan Aristófanes, na comedia, e, na traxedia, Esquilo, Sófocles e Eurípides. En poesía, Safo, poetisa do s. VI a. C.
- **Filosofía:** nesta disciplina (que busca explicar a realidade e o comportamento humano) destacaron **Sócrates**, **Platón** e **Aristóteles**, que influíron no pensamento occidental.
- **Ciencia:** en matemáticas salientan as contribucións en xeometría de **Pitágoras** e **Euclides**; en física, **Arquímedes**, e **Hipócrates** é considerado o pai da medicina.

Sabías que...?



Hoplitódromos, carreira de hoplitas (soldados de infantaría pesada)



Os Xogos Olímpicos teñen o seu precedente nos xogos do mesmo nome celebrados durante cinco días na polis de Olimpia na honra a Zeus?



Celebrábanse cada catro anos e só participaban homes gregos.



As probas consistían en carreiras, loita, lanzamento de disco e xavelina, entre outras.



Durante os xogos, as guerras detíñanse. Os gañadores recibían como premio unha coroa de oliveira, non diñeiro.



EXERCICIOS

Exercicio 3

Verdadeiro ou falso. No caso de ser falso, indica por que non é correcto:

- a) Os gregos na antigüidade eran politeístas.
- b) Os gregos crearon dúas ordes arquitectónicas.
- c) As figuras dunha moza (*kore*) ou dun mozo (*kuros*) con rixidez e pouca expresividade corresponden á escultura arcaica grega.
- d) Os principais deuses gregos vivían no Monte Laurion.

Exercicio 4



Esta escultura grega corresponde á época arcaica ou á época clásica? Xustifica a tua resposta.

"Copia da Afrodita de Cnido" (Marie-Lan Nguyen, dominio público)

Exercicio 5

Na imaxe pódese apreciar a acrópole de Atenas:



"Acrópole de Atenas" (Alexander Popkov, CC BY-SA-4.0)

- a) Que era unha acrópole?
- b) Que era unha polis?
- c) Que partes compoñían unha polis?

SOLUCIÓNS

Exercicio 1

- a) Un político ateniense que fixo reformas no sistema democrático.
- b) Como un réxime político en que o Goberno non depende duns poucos senón da maior parte dos cidadáns atenienses.
- c) Non, porque, por exemplo, as mulleres non tiñan dereitos políticos e permitía a escravitude.
- d) Unha longa guerra entre as polis de Atenas e Esparta e os seus respectivos aliados pola hexemonía da Hélade na cal a vitoria sería para Esparta.

Exercicio 2

- a) Un rei macedonio, fillo de Filipo II, que conquistou o Imperio Persa e deu lugar a un grande imperio que comezou o período histórico helenístico en que a cultura grega se difundiu en Oriente.
- b) En Europa, gran parte da península balcánica e das illas do Exeo e do mar Xónico; Exipto (África) é o territorio que vai desde Anatolia ata o Ganxes en Asia.

Exercicio 3

- a) Verdadeiro.
- b) Falso, os gregos crearon tres ordes arquitectónicas (dórica, xónica e corintia).
- c) Verdadeiro.
- d) Falso. Os principais deuses gregos vivían no monte Olimpo.

Exercicio 4

Á etapa clásica, xa que se percibe a harmonía das proporcións e a busca do ideal físico da beleza feminina da época.

Exercicio 5

Unha polis era unha cidade-Estado independente da Antiga Grecia.

No plano distínguense as zonas que formaban a polis de Atenas:

- **Un núcleo urbano**, que no plano está en cor vermella pálida. Nesta área, normalmente, atopábase a *ágora* ou espazo público (con mercado, praza pública...) e a *acrópole*, un lugar elevado con funcións defensivas onde tamén se atopaban os templos.
- **O territorio que a circunda**, que no plano representa as áreas de cor verde (áreas rurais, bosques, montañas....) e morada para a zona litoral.